

ÁLBUM DA CIENCIA:

A elaboración desta nova versión do Álbum da Ciencia supón un esforzo investigador e divulgativo dun amplo equipo de especialistas. A dirección foi encomendada a Xosé A. Fraga Vázquez, da Sección de Ciencia, Natureza e Sociedade do Consello, quen contou coa colaboración do coordinador desa Sección, Francisco Díaz-Fierros Viqueira, na codirección, e de Alfonso Mato na coordinación e redacción.



Manuel López Enríquez

Oftalmólogo cunha
importante labor
investigadora vinculada á
JAE en histoloxía ocular

Nacemento: Monforte de Lemos (Lugo) 1890. Falecemento:
Monforte de Lemos (Lugo) 1968

Autor/a da biografía: Rafael Sisto Edreira

Data de alta: 22/02/2013

Ámbitos de ocupación: Medicina / Oftalmoloxía /

Cursou Medicina en Santiago e Valladolid e especializouse en oftalmoloxía en Madrid, como hóspede da Residencia de Estudiantes entre 1919 e 1923. Beneficiouse dunha pensión de case dous anos en Suíza e Alemaña da Junta para Ampliación de Estudos e Investigacións Científicas (JAE), e durante o período 1919-1936 traballou cunha bolsa no Laboratorio de Histología normal y patológica, tamén dependente da JAE e que dirixía Del Rio-Hortega. Exerceu a docencia como profesor auxiliar de Oftalmoloxía na Universidade de Madrid baixo a dirección do prestixioso catedrático Manuel Márquez, que tivo que exiliarse en México en 1939 ao tempo que López Enríquez era cesado na súa praza e sometido a

depuración. Tras unha longa paréntese puido continuar o seu labor como investigador do CSIC e no exercicio privado da oftalmoloxía en Madrid. Desempeñou os cargos de secretario e presidente da Sociedad Hispano-Americana de Oftalmología, así como o de xefe da Sección oftalmolóxica do Instituto de Óptica Daza de Valdés.

Durante a súa estadía no laboratorio da JAE dedicouse a investigar en histoloxía ocular, traballo do que xurdiron unha serie de artigos iniciada en 1919 co titulado “Sobre el aparato reticular de Golgi y otros retículos de los elementos del cristalino”. Entre estes artigos ten especial relevancia “Existencia de células de Hortega “microglia” en la retina y vías ópticas” (López, 1926b), no que confirma, experimental e graficamente, a sospeitada existencia destas células nunha nova localización, seguindo as diferentes fórmulas propostas por Del Rio-Hortega. Outro importante resultado das súas investigacións viu a luz baixo o título “Oligodendroglia de las vías ópticas” (López, 1926c); nel estuda a probable presenza da variedade neuróglia de escasas radiacións nas vías ópticas, a proporción en que aparece con respecto a outro tipo de corpúsculos intersticiais e os caracteres cos que se presenta.

Nas Jornadas Médicas Gallegas, celebradas en A Coruña no ano 1929, presentou dúas comunicacións: na primeira, “Alteraciones graves del fondo del ojo por inyección intravenosa de neosalvarsán” (López, 1929a), prevén contra o emprego intravenoso do salvarsán ou de compostos de bismuto sen un exame oftalmolóxico previo, xa que poden provocar un cadro clínico similar ao da dexeneración nefrítica da retina; na segunda, “Del tratamiento de la degeneración pigmentaria de la retina” (López, 1929b), dá conta da aplicación dos raios X como método de tratamento da enfermidade citada, comprobando en todos os casos, que se clasifican nun cadro, lixeiras melloras. No emprego desta técnica considérase pioneiro en España, coincidindo cronoloxicamente e de forma independente, coas experiencias de Sgrosso en Italia, e Merkulow e Schick na Unión Soviética.

Cómpre citar a súa participación no número das Memorias da Real Sociedad Española de Historia Natural dedicado en homenaxe a Ignacio Bolívar, co seu traballo “Nuevas observaciones sobre la oligodendroglia de las vías ópticas” (López, 1929c), no que demostra que a oligodendroglia das vías ópticas presenta idénticos caracteres que a descrita por Del Rio-Hortega no encéfalo e medula, e confirma con extraordinaria evidencia a íntima relación entre a devandita variedade neurolóxica e as fibras nerviosas meduladas.

Durante o ano 1933, en Barcelona, publicou os seguintes traballos: “La excitación mecánica de la retina”, “Caso instructivo de desprendimiento de retina”, “Rhabdomioma del párpado” e “Modelo de trépano universal”. Durante a guerra civil dedicouse a estudar as manifestacións patolóxicas da avitaminose e, posteriormente, no 1941, publicou en Madrid *Biomicroscopía del fondo del ojo*. Estivo encargado na *Revista Médica Gallega*, das noticias de redacción relacionadas coa oftalmoloxía e de comentar e traducir os artigos das revistas estranxeiras.

No aspecto técnico fixo varias contribucións, entre elas un fotoftalmógrafo, presentado no XVII Congreso Internacional de Oftalmoloxía celebrado en Nova York. O aparello permitía a reprodución fotográfica do fondo do ollo e caracterizábase por un novo sistema de eliminación de reflexos baseado en variar a incidencia da luz. Presentou unha solicitude de patente en España que lle foi concedida en marzo de 1954.

Bibliografía:

Fontes impresas:

LÓPEZ ENRÍQUEZ, M. (1919): Sobre el aparato reticular de Golgi y otros retículos de los elementos del cristalino, *Boletín de la Sociedad Española de Biología*, año IX: 127-133 [Trabajos del Laboratorio de Histopatología de la Junta para Ampliación de Estudios, nº 12, Madrid].

LÓPEZ ENRÍQUEZ, M. (1926a): *Las células de Hortega de la retina y vías ópticas en estado normal y patológico*, [Tese de doutoramento, Universidade Central de Madrid], Barcelona: La Neotipia.

LÓPEZ ENRÍQUEZ, M. (1926b): Existencia de células de Hortega "microglia" en la retina y vías ópticas, *Boletín de la Real Sociedad Española de Historia Natural*, XXVI, 5: 294-301.

LÓPEZ ENRÍQUEZ, M. (1926c): Oligodendroglia de las vías ópticas, *Boletín de la Real Sociedad Española de Historia Natural*, XXVI, 5: 301-307.

LÓPEZ ENRÍQUEZ, M. (1926d): Las células de Rio-Hortega en los procesos patológicos de la retina y nervio óptico, *Boletín de la Sociedad Española de Biología*, Vol. XII, Fasc. II.

LÓPEZ ENRÍQUEZ, M. (1929a): Alteraciones graves del fondo del ojo por inyección intravenosa del neosalvarsán, *Jornadas Médicas Gallegas*, Madrid: Instituto de Biología y Sueroterapia; p. 14.

LÓPEZ ENRÍQUEZ, M. (1929b): Del tratamiento de la degeneración pigmentaria de la retina, *Jornadas Médicas Gallegas*, Madrid: Instituto de Biología y Sueroterapia; p. 15.

LÓPEZ ENRÍQUEZ, M. (1929c): Nuevas observaciones sobre la oligodendroglia de las vías ópticas, *Memorias de la Real Sociedad Española de Historia Natural*, XV: 763-772.

LÓPEZ ENRÍQUEZ, M. (1934): Nuevos estudios sobre el aumento óptico. Errores clásicos y su rectificación, *Boletín de la Sociedad Española de Biología*; p. 139-153.

LÓPEZ ENRÍQUEZ, M. (1941): *Biomicroscopía del fondo del ojo*. Madrid.

Bibliografía secundaria:

ANONIMO: *Trabajos de investigación y Ampliación de Estudios organizados para el curso ----*, Anos: 1926-27, 1927-28, 1928-29, 1929-30, 1930-31, 1931-32; 1932-1933, 1935-1936, Madrid: Instituto Nacional de Ciencias.

GURRIARÁN, Ricardo (2006): *Ciencia e conciencia na Universidade de Santiago (1900-1940)*, Santiago:

Universidade.

LEOZ ORTIZ, G. (1962): Homenaje al Dr. D. Manuel López Enríquez, *Archivos de la Sociedad Oftalmológica Hispano-Americana*, XXII (12): 1037-1040.

Como citar esta páxina:

Rafael Sisto Edreira ([2013], "Manuel López Enríquez", en *Álbum da Ciencia. Culturagalega.org. Consello da Cultura Galega*. [lectura: 24/09/2023] [URL: <http://www.culturagalega.org/albumdaciencia/detalle.php?id=419>]

Máis información e materiais complementarios en
<http://www.culturagalega.org/albumdaciencia/detalle.php?id=419>

Un proxecto do

Consello da Cultura Galega

Pazo de Raxoi, 2º andar

15705 Santiago - A Coruña

Tel.: +34 981957202